

**ANEXO I
PROPOSTA DE PROXECTOS DE INVESTIGACIÓN STEMBACH**

Dirección do proxecto	
Nome: Claudio Cameselle Fernández	
Enderezo electrónico: claudio@uvigo.es	Teléfono: 986 812 318 e 647 343 286
Co-dirección do proxecto	
Nome:	
Enderezo electrónico:	Teléfono:
Bienio	20 - 22
Número de participantes (máx. 4)	

Título

Tratamento fotoquímico de contaminantes orgánicos en augas

Resumo

<p>Algúns contaminantes orgánicos presentes en augas son difíciles de degradar polos métodos convencionais usados nas plantas de tratamento. O uso dunha luz UV pode inducir a descomposición de tales moléculas en compostos máis sinxelos e menos perigosos.</p> <p>Este traballo céntrase no estudo da degradación dun contaminante orgánico nun reactor fotoquímico. Para evitar a exposición do alumnado a substancias tóxicas, usarase unha substancia de volatilidade baixa e menor toxicidade así como as medidas de protección adecuadas nun laboratorio.</p>
--

Obxectivo

<p>O principal obxectivo deste traballo é que o alumnado opere e controle un reactor fotoquímico e determine a idoneidade do tratamento para unha operación a gran escala. Son obxectivos particulares:</p> <ul style="list-style-type: none"> • Poñer en contacto ao alumnado cun laboratorio de investigación • Ensinar métodos, técnicas e medidas básicas dun laboratorio de tecnoloxía ambiental. • Mostrar ao alumnado como pasar duns resultados de laboratorio a un prototipo para funcionamento a escala real.
--

Plan de traballo

1. Posta en marcha e operación dun reactor fotoquímico no que se vai estudar a degradación dunha sustancia contaminante.
2. Análise do contaminante por espectrofotometría.
3. Tratamento de datos e escalado do reactor.

Actividades complementarias

1. Visita a centro de análise para ver como se realizan as análises que o alumnado vai realizar no laboratorio.
2. Visita a laboratorio de investigación onde se vai ver a relación deste traballo con outras liñas de investigación actualmente en estudo.